

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA

EXTRACTO da Resolución do 28 de decembro de 2023, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de axudas extraordinarias a persoas emigrantes galegas retornadas e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 (código de procedemento PR905A).

BDNS (Identif.): 741007.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. *Persoas beneficiarias*

Poderán ser beneficiarias destas axudas as seguintes persoas que, residindo fóra de España con nacionalidade española, establezan a súa residencia na Comunidade Autónoma galega:

- a) As persoas galegas e nadas en Galicia.
- b) Os/as cónxuxes ou persoas con unión análoga á conxugal das persoas galegas e nadas en Galicia.
- c) Os/as descendentes por consanguinidade das persoas galegas e nadas en Galicia.

Segundo. *Obxecto*

Esta resolución ten por obxecto aprobar as bases que regularán o procedemento de concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións da Secretaría Xeral da Emigración que teñen por finalidade a concesión de axudas extraordinarias e non periódicas dirixidas a persoas emigrantes galegas retornadas que carezan dos recursos suficientes, para axudar a facer fronte aos gastos extraordinarios da unidade familiar derivados do seu retorno á Comunidade Autónoma de Galicia (código de procedemento PR905A).



Terceiro. Bases reguladoras

Resolución do 28 de decembro de 2023, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de axudas extraordinarias a persoas emigrantes galegas retornadas e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 (código de procedemento PR905A).

Cuarto. Importe

1. Para a concesión destas subvencións destinarase un crédito de dous millóns de euros (2.000.000 euros) con cargo á aplicación orzamentaria 04.30.312C.480.2 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024.

2. Este importe poderá ser ampliado nos casos establecidos no artigo 31.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento, en función das maiores dispoñibilidades orzamentarias que se poidan producir na devandita aplicación e condicionado á declaración de dispoñibilidade do crédito e, se é o caso, logo da aprobación da modificación orzamentaria que proceda. Neste caso, publicarase a ampliación do crédito nos mesmos medios que a convocatoria, sen que tal publicidade implique a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio de novo cómputo de prazo para resolver.

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación das solicitudes será desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia* ata o 30 de setembro de 2024, incluído.

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2023

Antonio Rodríguez Miranda
Secretario xeral da Emigración

